

Resolución reitoral do 19 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras do programa Erasmus+ Prácticas (SMT) e se procede á súa convocatoria para o curso 2025/26

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Modalidades de mobilidade	2
Artigo 3. Financiamento	3
Artigo 4. Requisitos das persoas solicitantes.....	3
Artigo 5. Acreditación de coñecemento do idioma estranxeiro	4
Artigo 6. Características e condicións da empresa ou institución en que se realizará o período de formación práctica.....	5
Artigo 7. Duración da estadía.....	6
CAPÍTULO II. Procedemento de solicitude e adxudicación.....	6
Artigo 8. Presentación de solicitudes	6
Artigo 9. Documentación.....	6
Artigo 10. Prazo de presentación de solicitudes	7
Artigo 11. Procedemento de adxudicación.....	7
Artigo 12. Proposta de adxudicación provisional, prazo de reclamacións e adxudicación definitiva.....	7
Artigo 13. Aceptación ou renuncia da mobilidade e alta de conta bancaria	8
CAPÍTULO III. Contrato de prácticas e avaliación.....	8
Artigo 14. Elaboración e formalización do contrato de prácticas.....	8
Artigo 15. Modificación do contrato de prácticas.....	9
Artigo 16. Avaliación das prácticas	9
CAPÍTULO IV. Recoñecemento académico.....	10
Artigo 17. Recoñecemento académico	10
CAPÍTULO V. Axudas	10
Artigo 18. Axuda económica	10
Artigo 19. Contías das axudas	10
Artigo 20. Pagamento das axudas	12
Artigo 21. Criterios de repartición do remanente de fondos	13
CAPÍTULO VI. Seguros e alta na Seguridade Social	13
Artigo 22. Seguros	13

Artigo 23. Alta na Seguridade Social.....	13
CAPÍTULO VII. Obrigas das persoas adxudicatarias	14
Artigo 24. Obrigas antes da mobilidade	14
Artigo 25. Obrigas durante a mobilidade.....	14
Artigo 26. Obrigas tras finalizar a mobilidade.....	14
CAPÍTULO VIII. Protección de datos.....	15
Artigo 27. Protección de datos	15
Disposición adicional primeira. Responsabilidade	16
Disposición adicional segunda. Información.....	16
Disposición final primeira. Recursos.....	16
Disposición final segunda. Eficacia	16
ANEXO I. Certificados admitidos para a acreditación do coñecemento de idiomas .	17
ANEXO II. Acordo de aprendizaxe para mobilidades de estudantado en prácticas .	18

PREÁMBULO

Co fin de contribuír a que as persoas se adapten ás esixencias do mercado laboral europeo, adquiran habilidades específicas, melloren a súa comprensión do contorno económico e social de Europa e, asemade adquiran experiencia laboral, a Universidade da Coruña publica a Convocatoria de bolsas de mobilidade internacional de estudantes para prácticas en empresas ou institucións durante o curso 2025/26 no marco do programa Erasmus+ prácticas SMT (Acción Clave 1).

Para a realización e organización destas mobilidades establécense as seguintes bases, que desenvolven o disposto no [Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes](#) (aprobado no Consello de Goberno do 21/12/2012, modificado o 26/02/2025).

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta resolución establece as bases que regulan o proceso de concesión de axudas de mobilidade ao estudantado de grao, máster e doutoramento da Universidade da Coruña (UDC), para que poidan realizar prácticas en empresas ou institucións de calquera dos países participantes no Programa Erasmus+ SMT (Acción Clave 1) durante o curso académico 2025/26.

Artigo 2. Modalidades de mobilidade

A mobilidade para realizar prácticas internacionais divídese en dúas modalidades diferentes:

a) “Estudantado en prácticas”: esta modalidade diríxese a aquelas persoas solicitantes que realicen o seu período de prácticas mentres estean matriculadas como estudantes na UDC.

b) “Estudantado recentemente titulado en prácticas”: esta modalidade está orientada a aquel estudantado que solicite a mobilidade no seu último ano de estudos e realice e remate a súa estadía de prácticas no ano inmediatamente posterior ao depósito do título na UDC.

Artigo 3. Financiamento

1. Esta convocatoria financiarase con fondos externos da Comisión Europea (proxecto KA131 anos 2024/26 “2024-1-ES01-KA131-HED-000202728”) e coa achega da Universidade da Coruña (como anticipo, que será compensado cos fondos da Comisión Europea).

2. O orzamento inicial terá un importe de 60.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0402250038 422D 48000, que poderá ser incrementado en caso de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 4. Requisitos das persoas solicitantes

1. Poderá participar nestes programas o estudantado da UDC que cumpra os seguintes requisitos de carácter xeral:

a) Estar matriculado en estudos oficiais de grao, máster ou doutoramento no momento de presentar a súa solicitude.

No caso da modalidade “Estudantado recentemente titulado”, considerarase que o/a estudante estará matriculado/a ata o final do curso académico en que superará as materias necesarias para obter a súa titulación. O tempo que transcorra desde a data de depósito do título restarase dos doce meses máximos permitidos para realizar a mobilidade.

b) Ter o DNI ou documento equivalente en vigor desde o momento da solicitude ata o final da mobilidade.

c) Acreditar o nivel esixido de lingua estranxeira, no momento de presentar a solicitude, segundo o indicado no artigo 5 desta convocatoria. En ningún caso se admitirán mobilidades cuxa lingua de instrución ou lingua de prácticas sexa o español, a menos que se acredite o nivel de idioma local do país de destino.

d) Contar cun acordo de prácticas que cumpra co indicado no artigo 14 desta convocatoria e nos artigos 27 e 28 do Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes.

2. A participación no programa Erasmus+ está suxeita, ademais, aos seguintes requisitos específicos:

a) Non ter realizado previamente outra mobilidade con fin de prácticas no mesmo ciclo de estudos (grao, máster ou doutoramento) que está a cursar.

b) Non ter realizado mobilidades no marco do programa Erasmus+ dentro do mesmo ciclo de estudos que, sumadas á que solicita, superen os doce meses de duración.

c) Cumprir todas as obrigas que impoña o Programa Erasmus+. As regras deste programa pódense consultar na páxina web do Servizo Español para a Internacionalización de la Educación ([SEPIE](#)).

Artigo 5. Acreditación de coñecemento do idioma estranxeiro

1. As persoas candidatas terán que acreditar, no momento da solicitude, o nivel de coñecemento do idioma estranxeiro, dalgunha das seguintes formas:

a) Mediante as certificacións ou diplomas indicados no anexo I.

b) Mediante o diploma que acredite ter superado o curso correspondente ao nivel esixido no [Centro de Linguas da UDC](#), a través da convocatoria para a mellora das competencias lingüísticas do estudantado. A Universidade, a través do Centro de Linguas, porá ao dispor do estudantado diversas datas para a acreditación oficial do nivel de lingua inglesa.

2. O nivel mínimo para acreditar será o seguinte:

a) alemán, francés ou italiano: nivel A2

b) inglés: nivel B1

c) portugués: nivel A1; ou galego: CELGA 4 ou equivalente

d) outro idioma distinto do inglés, francés, alemán, italiano ou portugués: nivel B1 en inglés

e) para prácticas nunha universidade que sexa socia da Alianza EMERGE: nivel B2 en inglés ou francés

2. O estudantado non poderá modificar o seu acordo de prácticas para incorporar posteriormente linguas de instrución estranxeiras que non fosen xustificadas na súa solicitude.

3. Non se esixirán os requisitos anteriores nos seguintes casos:

a) Alumnado da Facultade de Filoloxía, cando o idioma estranxeiro obxecto da súa titulación (inglés ou portugués) coincida co idioma estranxeiro da empresa ou institución de destino. Este estudantado poderá acreditar o seu nivel presentando unha copia da súa matrícula.

b) Alumnado de titulación con itinerario bilingüe ou titulación internacional oficial da UDC (dobre ou conxunta) que se imparta nunha lingua estranxeira e que inclúa mobilidade internacional como parte do plan de estudos. Este estudantado poderá acreditar o seu nivel coa presentación dunha copia da súa matrícula.

c) Alumnado estranxeiro residente en España con NIE/TIE vixente, nativo na/s lingua/s oficial/is do país de destino. Este estudantado terá que acreditar a súa nacionalidade estranxeira e os estudos previos (equivalentes ao nivel de secundaria ou universitarios) realizados na lingua do seu país de orixe.

4. Alén do nivel de idioma requirido pola, a empresa ou institución de destino ou o goberno dese país poderán impor os seus propios requisitos lingüísticos. O incumprimento destes suporá o rexeitamento da candidatura e a imposibilidade de efectuar a estadaía, mesmo cando a UDC xa concedese a praza de mobilidade.

5. O estudantado deberá cumprir cos requisitos lingüísticos que esixe este programa. A avaliación inicial do idioma, a través do OLS (Apoio lingüístico en liña), será obrigatoria e realizarase na plataforma electrónica proporcionada pola Unión Europea (UE).

Artigo 6. Características e condicións da empresa ou institución en que se realizará o período de formación práctica

1. As persoas que soliciten unha mobilidade de prácticas serán responsables de buscar a empresa ou institución en que realizarán as prácticas. A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) poderá publicar as posibles ofertas que reciba nesta [ligazón](#).

A UDC non se responsabiliza de que se cumpran todas as condicións que aparecen nas ofertas.

2. Poderán ser elixibles as empresas ou institucións dos 26 países membro da UE (agás España), os tres países do Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega), ademais de Turquía, Macedonia e Serbia.

3. As prácticas poderán realizarse nunha empresa ou institución, como:

- Unha empresa pública ou privada, de calquera tamaño (tamén empresa social).
- Un organismo público local, rexional ou nacional.
- Unha embaixada ou oficina consular dun estado da UE ou dun país asociado ao programa.
- Unha organización representativa do ámbito laboral, como cámaras de comercio, asociacións artesanais ou profesionais e sindicatos.
- Un instituto de investigación.
- Unha fundación.
- Un centro educativo, desde colexios até universidades.
- Unha ONG, asociación ou calquera organización sen ánimo de lucro.
- Un organismo de asesoramento académico, profesional ou servizos informativos.
- Unha institución de educación superior nun país da UE ou un país asociado ao programa que teña unha ECHE (Carta Erasmus para a Educación Superior).

4. Non se poderá elixir, para realizar as prácticas, unha das seguintes empresas ou institucións:

- Institución da UE e os seus organismos, incluída as [axencias especializadas](#), e as organizacións que xestionen programas da UE, como as axencias nacionais Erasmus+.

- Empresas españolas ou galegas con sucursais ou oficinas no estranxeiro, ou empresas estranxeiras onde a lingua de prácticas será o español ou o galego.

Artigo 7. Duración da estadía

1. As estadías realizaranse entre o 1 de setembro de 2025 e o 30 de setembro de 2026, e terán unha duración de entre dous e doce meses.
2. As estadías da modalidade “Estudantado en prácticas” deberán completarse na súa totalidade antes de que o/a estudante solicite o depósito do seu título.
3. As estadías da modalidade “Estudantado recentemente titulado en prácticas”, deberán realizarse durante o ano seguinte á graduación do/de a estudante na titulación coa que solicitou a mobilidade. Para estes efectos, considérase que o “ano seguinte” comezará o día en que o estudantado presenta a solicitude de depósito do título.

CAPÍTULO II. Procedemento de solicitude e adxudicación

Artigo 8. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través do [portal de solicitude](#), utilizando as credenciais de usuario/a da UDC.
2. Ao realizar a solicitude, o estudantado deberá indicar como enderezo de correo electrónico, única e exclusivamente, a súa conta institucional “@udc.gal” (ou “udc.es”). Aquelas solicitudes que inclúan un enderezo de correo diferente poderán ser excluídas do proceso de selección.
3. Para que a solicitude sexa válida, o/a estudante deberá enviar un correo electrónico desde a súa conta institucional en que confirme que completou a súa solicitude en liña. Este correo enviarase a outgoing.rrii@udc.gal (estudantado co campus da Coruña) ou a riferrol@udc.gal (estudantado do campus de Ferrol).

Artigo 9. Documentación

1. Xunto coa solicitude, será necesario presentar unha copia do DNI ou documento equivalente en vigor, así como a acreditación do coñecemento do idioma estranxeiro, conforme o que establece o artigo 5 desta convocatoria.
2. O estudantado deberá presentar cuberta a sección «antes da mobilidade» do contrato de prácticas. O modelo de contrato de prácticas, que se atopa no anexo II, está dispoñible en formato electrónico na páxina web da ORI, a través da seguinte [ligazón](#).
3. O contrato de prácticas deberá subirse ao portal en formato PDF, debidamente asinado tanto polo/a estudante como polas persoas responsables de relacións internacionais do centro de orixe e mais da empresa ou institución de destino. Ademais das sinaturas, o documento incluírá estampado o selo oficial da empresa ou institución de destino.

Artigo 10. Prazo de presentación de solicitudes

1. O prazo para presentar as solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta resolución no [Taboleiro Electrónico Oficial](#) (TEO) da UDC e rematará ás 23:59 horas do 15 de maio de 2026.
2. As solicitudes deberán presentarse ao menos cun mes de antelación (30 días naturais) á data prevista para o inicio da mobilidade. Calquera solicitude que se presente fóra deste prazo será rexeitada automaticamente.

Artigo 11. Procedemento de adxudicación

1. As axudas asignaranse segundo a orde de presentación das solicitudes no portal en liña, sempre que cumpran cos requisitos establecidos nos artigos 4 e 5 desta convocatoria.
2. A UDC ditará unha primeira resolución de adxudicación nun prazo de 10 días desde que reciba a confirmación oficial do importe total da subvención Erasmus+ para as prácticas.
2. Se, no momento da primeira resolución, hai máis persoas solicitantes que bolsas dispoñibles, as axudas Erasmus+ adxudicaranse segundo os seguintes criterios:
 - a) Nota media do expediente académico, calculada segundo o sistema vixente no momento de publicar esta convocatoria. As medias serán ponderadas cun coeficiente corrector de 1,17 para as titulacións técnicas, como se aplica nas convocatorias das bolsas do Ministerio de Educación (MEC).
 - b) En caso de empate entre dúas persoas, asignarase a bolsa a quen aprobe máis créditos da súa titulación. Se este criterio non permite o desempate, daráselle preferencia a quen certifique un nivel máis alto do MCERL no idioma en que realizará as prácticas. De continuar o empate, a praza adxudicarase a quen teña máis matrículas de honra na súa titulación; e se ambas teñen as mesmas, á que obtivese máis sobresalientes, e así sucesivamente ata conseguir o desempate.
3. Se quedasen bolsas dispoñibles tras a primeira adxudicación, resolveranse novas adxudicacións no prazo máximo dun mes desde a presentación das solicitudes.

Artigo 12. Proposta de adxudicación provisional, prazo de reclamacións e adxudicación definitiva

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a ORI publicará unha proposta de adxudicación provisoria no TEO e na súa [páxina web](#), coa indicación dos motivos de exclusión. As persoas afectadas poderán corrixir erros ou achegar documentación no prazo de 10 días hábiles a través do [Rexistro electrónico](#) da UDC. Transcorrido este prazo sen se emendaren os erros ou se achegar a documentación indicada, considerarase que a persoa desiste da súa solicitude.
2. O/a vicerreitor/a con competencias en materia de internacionalización ditará unha resolución de adxudicación definitiva e ordenará a súa publicación no TEO e mais na

páxina web da ORI. A resolución será comunicada por correo electrónico ás persoas adxudicatarias.

3. Contra esta resolución, que pon fin ao proceso administrativo, poderá presentarse un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o xulgado competente, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Alternativamente, poderase presentar un recurso de reposición ante o/o reitor/a no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte á publicación no TEO.

Artigo 13. Aceptación ou renuncia da mobilidade e alta de conta bancaria

1. Unha vez publicada a resolución definitiva, as persoas adxudicatarias deberán aceptar ou renunciar á mobilidade nun prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir da recepción do correo electrónico. A aceptación ou renuncia deberá realizarse a través do seguinte [portal](#).

2. No caso de renunciar, a persoa adxudicataria deberá especificar os motivos da súa renuncia.

3. De aceptar a mobilidade, o estudantado que solicitara axudas financeiras Erasmus+, deberá dar de alta a conta bancaria en que desexa recibir as devanditas axudas.

Para iso, o/a estudante terá que acceder á [Sede electrónica](#) da UDC co seu certificado dixital, seleccionar a opción "[Xestión económica](#)" e, na liña "[Alta/Baixa/Modificación terceiros](#)" premer en "Iniciar trámite". Nesta pantalla cubrirá todos os datos que se solicitan e anexará unha certificación orixinal do IBAN da conta bancaria aberta en España da que é titular ou cotitular.

4. As persoas adxudicatarias que non cumpran con este trámite en forma e prazo non poderán ser beneficiarias das axudas financeiras Erasmus+ e serán consideradas mobilidades "bolsa cero" (sen axuda financeira).

5. Todas as persoas adxudicatarias dunha mobilidade (con ou sen bolsa) deberán asinar un contrato de subvención na ORI antes de se incorporar á empresa ou institución de destino. Este contrato poderá enviarse ao correo institucional da persoa interesada, onde se indicará o prazo para devolve-lo asinado dixitalmente.

CAPÍTULO III. Contrato de prácticas e avaliación

Artigo 14. Elaboración e formalización do contrato de prácticas

1. O centro ao que pertence o/a estudante aprobará a estadia de prácticas mediante a sinatura dun contrato de prácticas (*Learning Agreement for Traineeships*) que deberán asinar o/a estudante, a empresa ou institución de destino e a persoa responsable de relacións institucionais do centro de orixe.

2. O contrato de prácticas formalizarase exclusivamente no modelo normalizado do programa Erasmus+ (anexo II). O/a estudante asinará primeiro o contrato e indicará, na táboa B, a modalidade que elixe:

a) “Estudantado en prácticas”:

- opción 1: se se trata de prácticas curriculares obrigatorias na súa titulación
- opción 2: se se trata de prácticas voluntarias extracurriculares

b) “Estudantado recentemente titulado en prácticas”: opción 3

3. A persoa representante da empresa ou institución de destino asinará o contrato de prácticas e estampará o selo oficial da empresa ou institución xunto á súa sinatura.

4. A persoa responsable de relacións internacionais do centro de orixe só asinará o contrato de prácticas cando comprobe que está correctamente cuberto e foi aprobado pola empresa ou institución de destino.

Artigo 15. Modificación do contrato de prácticas

1. O contrato de prácticas poderá modificarse unicamente dentro do mes seguinte ao comezo do período de prácticas. No caso de que a modificación sexa por unha ampliación do período de estadía, o/a estudante deberá especificar os motivos desta, o novo período de estadía, o número de horas adicionais e o contido da práctica durante ese tempo extra.

2. A solicitude de modificación farase utilizando o mesmo modelo de contrato de aprendizaxe do anexo II, completando a sección «durante a mobilidade», dispoñible na seguinte [ligazón](#).

3. Unha vez que a empresa ou institución de destino asine a modificación do contrato de prácticas, o/a estudante deberá enviálo á persoa responsable de relacións internacionais do centro de orixe. Tras a súa aprobación e sinatura, este remitirao á ORI para o seu rexistro e modificación do convenio financeiro. Esta emenda ao convenio financeiro deberá ser asinada polo/a estudante ao menos un mes antes da data de finalización inicialmente prevista da estadía.

Artigo 16. Avaliación das prácticas

1. A persoa responsable de relacións internacionais do centro de orixe, ou a persoa coordinadora de prácticas da titulación, se a hai e é competente, avaliará as prácticas tras revisar o certificado final da práctica emitido pola empresa ou institución de acollida, segundo o modelo dispoñible no anexo II.

2. En caso de que estea prevista a validación das prácticas por créditos da titulación que o/a estudante está a cursar, a avaliación farase segundo a normativa de devandita titulación. De non ser así, a persoa responsable de relacións internacionais asignará unha cualificación de «apto» ou «non apto», baseándose no certificado final da práctica que proporcionou a empresa ou institución de acollida.

CAPÍTULO IV. Recoñecemento académico

Artigo 17. Recoñecemento académico

1. As estadías da modalidade “Estudantado en prácticas” deberán dar lugar a un recoñecemento académico suficiente. Este recoñecemento reflectirase no contrato de prácticas.
2. O recoñecemento académico consistirá preferentemente na validación do período de prácticas polos créditos ECTS da materia «practicum», «prácticas en empresas» ou outra equivalente da titulación do/a estudante.
3. En caso de non existiren estas materias na titulación do/a estudante, se a estadía non cumpre coas condicións para ser validada, ou se o/a estudante xa superou esas materias, o recoñecemento consistirá na mención expresa do período de prácticas no suplemento europeo ao título.
4. Na modalidade de “Estudantado recentemente titulado en prácticas”, o recoñecemento farase mediante a entrega dun certificado de prácticas.
5. En ningún caso se recoñecerá como prácticas a preparación do traballo fin de grao/máster na empresa ou institución de destino, aínda que se trate dunha titulación internacional oficial da UDC.

CAPÍTULO V. Axudas

Artigo 18. Axuda económica

A axuda económica Erasmus+ só se concederá para mobilidades físicas á empresa ou institución de destino durante todo o período de prácticas programado. As mobilidades virtuais non terán dereito a axuda económica.

Artigo 19. Contías das axudas

1. O importe da axuda determinarase mediante resolución do vicerreitor/a con competencias en materia de internacionalización de acordo coas axudas individuais fixada polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) dentro do proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000202728. Estas contías serán publicadas na páxina [web da ORI](#).

Estas bolsas poderán combinarse con outras axudas complementarias de institucións que financien estadías dentro do programa Erasmus+. Ademais, a empresa ou institución de acollida poderá ofrecer algunha contribución adicional compatible coa axuda de prácticas Erasmus+.

2. O estudantado que pertenza ao colectivo de “menos oportunidades”, segundo o establecido na [guía do programa Erasmus+](#), poderá beneficiarse dunha axuda adicional de 250€/mes para a súa mobilidade. Para iso, deberá acreditarse documentalmentemente no momento de aceptar a praza de mobilidade Erasmus+ segundo algún dos perfís que se indican no seguinte cadro:

Obstáculo	Perfil
Discapacidade	Estudantado cun grao de discapacidade do 33 % ou superior.
Obstáculos socioeconómicos	<ul style="list-style-type: none"> - Beneficiarios/as dunha bolsa de estudos de carácter xeral outorgada pola Administración xeral do Estado ou polo Departamento de Educación do País Vasco no curso anterior a realizar a mobilidade. - Percepción de prestación do ingreso mínimo vital, renda mínima de inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza dentro da unidade familiar. - Familias numerosas ou monoparentais. - Situacións de especial necesidade e emerxencia social, segundo o que considere a administración competente. - Vítimas de terrorismo, violencia de xénero ou orfandade. - Persoas con situación de dependencia ou aquelas que teñen persoas dependentes ao seu cargo. - Estudantado con contratos de traballo a tempo completo.
Problemas de saúde	Persoas que padezan unha situación de saúde física ou mental que requira apoio adicional.
Diferenzas culturais	Persoas refuxiadas ou con dereito a protección subsidiaria, ou que teñan presentada a solicitude de protección internacional en España.

Se o alumnado reúne os requisitos de varios perfís, só deberá acreditar un, dado que a axuda adicional é a mesma independentemente do número de perfís que poida acreditar.

A documentación necesaria para acreditar cada un dos perfís está dispoñible na [páxina web da UDC de Erasmus +](#).

3. Considéranse “necesidades de apoio á inclusión” a aquelas persoas solicitantes cuxa situación física, psíquica ou sensorial é tal, que a súa participación nunha actividade de mobilidade non sería posible sen unha axuda financeira superior ás establecidas con carácter xeral.

Para acceder ás axudas de apoio á inclusión establecidas no Programa Erasmus+, ademais de cumprir cos criterios de elixibilidade establecidos no Programa, as persoas solicitantes deberán ter recoñecida legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 %, ou padecer problemas físicos, mentais ou de saúde debidamente acreditados mediante certificación médica.

Este estudantado poderá recibir axudas superiores, baseadas en custos reais, para cubrir gastos adicionais que non poidan ser cubertos coas axudas xerais, incluídas as

axudas adicionais para estudantes con menos oportunidades. Estes gastos poderán incluír transporte especial/adaptado no país de acollida, acompañantes, servizos profesionais que sexan imprescindibles, visitas preparatorias e outros gastos específicos derivados da súa discapacidade.

Estas axudas solicitaranse pola UDC ao SEPIE, que avaliará cada solicitude individualmente segundo a documentación presentada pola persoa solicitante.

Toda a información sobre as axudas de apoio á inclusión e a súa solicitude está dispoñible na [páxina web da UDC de Erasmus +](#).

4. O programa Erasmus+ define como viaxe ecolóxica aquela que utiliza medios de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (desde a cidade da universidade de orixe ata a cidade da universidade de destino). Por exemplo, o autobús, barco, ferrocarril ou automóbil eléctrico ou compartido. Este tipo de viaxes serán susceptibles dunha axuda adicional, así como un máximo de 4 días de financiamento adicional. O/A estudante terá que manifestar o seu interese por realizar unha viaxe ecolóxica no momento da aceptación da súa mobilidade.

O pagamento dos gastos de viaxe farase tendo en conta a distancia real do desprazamento desde A Coruña/Ferrol ata a cidade onde se atopa a sede da institución de destino. O cálculo das distancias reais farase a través da seguinte [ligazón](#).

Artigo 20. Pagamento das axudas

1. Para recibir o pagamento da axuda antes do inicio da mobilidade, a persoa adxudataria deberá cumprir dúas condicións: ter asinado o seu convenio financeiro e ter realizado a primeira avaliación do idioma estranxeiro a través da [plataforma OLS](#).

2. O pagamento da axuda farase en dous prazos:

a) Primeiro prazo: iniciara a tramitación do pagamento do 80 % da axuda de apoio individual antes do inicio da mobilidade, nas condicións que figuren no convenio financeiro que o/a estudante asinara antes do inicio da mobilidade.

b) Segundo prazo: iniciarase a tramitación do pagamento restante da axuda ao finalizar a estadía, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

1º. Que o/a estudante entregue na ORI, no prazo máximo de 10 días tras finalizar a estadía, o orixinal do [certificado final das prácticas](#) asinado e selado pola empresa ou institución de acollida (coberta a sección do contrato de prácticas denominada «despois da mobilidade»). O certificado tamén poderá ser enviado directamente pola empresa ou institución de destino aos enderezos de correo electrónico outgoing.rrii@udc.gal (estudiantado do campus da Coruña) e riferrol@udc.gal (estudiantado do campus de Ferrol).

2º. Que o/a estudante complete o informe final de experiencia (*EU Survey*) na plataforma da UE, dentro do prazo máximo de 10 días tras a finalización da estadía.

Artigo 21. Criterios de repartición do remanente de fondos

1. De se incrementar a dispoñibilidade orzamentaria durante o curso 2025/26 ou de quedar algún remanente de fondos na aplicación orzamentaria, estes poderán repartirse entre aquelas persoas adxudicatarias dunha mobilidade Erasmus+ prácticas con bolsa cero, a condición de que a estadía aínda non finalizase no momento da repartición final e que a emenda ao convenio financeiro asine, ao menos, un mes antes da data prevista de fin da estadía.

2. A repartición farase antes da sinatura da emenda do convenio financeiro de mobilidade Erasmus+ prácticas, de acordo cos criterios establecidos no artigo 13 desta convocatoria.

CAPÍTULO VI. Seguros e alta na Seguridade Social

Artigo 22. Seguros

O estudantado deberá dispor dunha cobertura de seguros axeitada para a súa mobilidade e será responsable de contratar un seguro médico, de accidentes, de asistencia en viaxe e de responsabilidade civil.

Ademais, deberá presentarlle á ORI un documento que acredite a contratación destes seguros e que estes cumpran os seguintes requisitos:

a) Seguro médico: será obrigatorio ter cobertura médica. O estudantado que realice a súa mobilidade dentro dun estado membro da UE será suficiente con ter a tarxeta sanitaria europea (TSE). No resto de mobilidades, o estudantado será responsable de contratar un seguro médico persoal que cubra o destino.

b) Seguro de accidente, asistencia en viaxe e responsabilidade civil: será obrigatorio contratar este tipo de seguros. No Acordo de aprendizaxe (anexo II) especificarase sempre, no apartado de «coberturas de seguros do estudantado», que a UDC non cubrirá os seguros de accidente nin de responsabilidade civil das persoas seleccionadas.

c) Outros seguros: recoméndase contratar adicionalmente un seguro de asistencia en viaxe e repatriación, coas seguintes coberturas mínimas:

1.º Transporte ou repatriación sanitaria.

2.º Transporte ou repatriación en caso de falecemento da persoa asegurada.

3.º Desprazamento e estadía dun familiar acompañante no caso de doenza ou falecemento.

4.º Interrupción da viaxe por falecemento dun familiar.

Artigo 23. Alta na Seguridade Social

1. A alta na Seguridade Social do estudantado en prácticas axustarase ao disposto na disposición adicional quincuaxésima do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sostibilidade do sistema público de

pensións, que reforma a Lei xeral da seguridade social, aprobada polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

2. O estudiantado con dereito a alta na seguridade social deberá proporcionar o seu número de afiliación (NUSS) ou número de alta (NAF) á ORI no momento da aceptación da mobilidade.

CAPÍTULO VII. Obrigas das persoas adxudicatarias

Artigo 24. Obrigas antes da mobilidade

As persoas adxudicatarias dunha praza de mobilidade estarán obrigadas antes de iniciar a mobilidade a:

a) Obter o [certificado electrónico de persoa física da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#) (FNMT) ou activar o DNI electrónico, para poder asinar e tramitar todos os documentos relacionados coa súa mobilidade.

b) Enviar á ORI a seguinte documentación:

– Copia do resgardo de matrícula do curso 2025/26, para a persoa candidata da modalidade de “Estudiantado en prácticas”, ou copia do resgardo de depósito do título para a persoa candidata da modalidade de “Estudiantado recentemente titulado en prácticas”.

– Copia da tarxeta sanitaria europea ou do seguro médico en vigor durante as prácticas.

– Copia da póliza ou certificación del seguro de accidentes, asistencia en viaxe e responsabilidade civil contratado.

c) Realizar a primeira [proba lingüística en liña](#) (OLS). É obrigatorio someterse a unha avaliación de competencia lingüística a través da plataforma OLS, antes de comezar a mobilidade. Esta avaliación é adicional e independente da proba establecida no artigo 5 desta convocatoria.

d) Asinar o convenio financeiro Erasmus+.

Artigo 25. Obrigas durante a mobilidade

1. Unha vez que o/a estudante se incorpore á empresa ou institución de destino, deberá enviar o certificado de chegada á ORI nun prazo de 10 días desde a súa incorporación. O modelo para completar este trámite está dispoñible na seguinte [ligazón](#).

2. O incumprimento deste trámite suporá a cancelación da mobilidade e a obriga de devolver o importe da axuda recibida.

Artigo 26. Obrigas tras finalizar a mobilidade

As persoas adxudicatarias dunha praza de mobilidade estarán obrigadas, logo de rematar a estadía de mobilidade, a:

a) Enviar á ORI o [certificado final de prácticas](#), asinado e selado pola empresa ou institución de destino, nun prazo máximo de 15 días despois de finalizar a mobilidade. Deberase empregar o modelo do Acordo de aprendizaxe (anexo II), sección «Despois da mobilidade». De non se enviar este documento, o estudiantado terá que devolver a axuda recibida.

b) Completar o informe de experiencia final (*EU Survey*) a través do programa europeo de xestión da mobilidade. Este informe considerarase como a solicitude da persoa participante para o pagamento do saldo restante da axuda financeira. O incumprimento deste trámite suporá para o estudiantado a devolución da axuda recibida.

CAPÍTULO VIII. Protección de datos

Artigo 27. Protección de datos

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, sobre a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos devanditos datos (RXPD), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos facilitados pola persoa interesada mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

2. Solicitar unha destas prazas de mobilidade na UDC implica a aceptación do contido desta resolución e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, segundo a LOPD, para os efectos dunha axeitada xestión das prazas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa finalidade antes mencionada cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

3. Ao concorrer a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no TEO da Sede Electrónica da UDC, segundo o disposto na disposición adicional 7.^a da LOPD. A resolución desta convocatoria quedará publicada no lugar indicado. Ademais, os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

4. A persoa interesada consente o tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do dereito que lle asiste a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Disposición adicional primeira. Responsabilidade

A UDC non se fará responsable dos gastos en que puiden incurrir o estudantado antes da mobilidade, sen ter sido aceptado oficialmente pola empresa ou institución de destino.

Disposición adicional segunda. Información

Poderá obterse máis información sobre estas bases e a convocatoria na ORI da UDC:

Campus da Coruña

Campus de Ferrol

Tel: 881 01 19 59

Tel: 881 01 36 34

outgoing.rrii@udc.gal

riferrol@udc.gal

Disposición final primeira. Recursos

Esta resolución poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición, ante o reitor da UDC, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo con disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da LXCA.

Disposición final segunda. Eficacia

Esta resolución reitoral despregará os seus efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización

ANEXO I. Certificados admitidos para a acreditación do coñecemento de idiomas

Táboas de certificados válidos para a acreditación de nivel de idiomas e a súa correspondencia co MCERL

No seguinte cadro inclúense as equivalencias de nivel que se aplicarán, só para efectos desta resolución, aos cursos de idiomas realizados no Centro de Linguas da UDC:

Idioma	Nivel				
Alemán			A2		
Francés			A2		B2
Inglés				B1	B2
Italiano			A2		
Portugués	CELGA 4 ou equivalente	A1			

1. O certificado B2 esixírase para as mobilidades a institucións da Alianza EMERGE: Rennes2 (Francia), Université de Bretagne Sud (Francia), University of Limerick (Irlanda), Democritus University of Thrace (Grecia), Europa-Universität Flensburg (Alemaña), Innland Norway University of Applied Sciences (Noruega), Univerzita Mateja Bela (Eslovaquia) e Neapolis University Pafos (Chipre).

2. Acéptanse os certificados que estean incluídos nas táboas de ACLES e/ou CRUE. As listaxes de certificados válidos e as súas equivalencias de nivel pódense consultar en:

[ACLES \(Asociación de Centros de Linguas de Ensino Superior\)](#)

[CRUE \(Conferencia de Reitores das Universidades Españolas\)](#)

3. Acéptanse todos os certificados unha escola oficial de idiomas (EOI).

ANEXO II. Acordo de aprendizaxe para mobilidades de estudiantado en prácticas

Estudiante en prácticas	Apelidos	Nome	Data de nacemento	Nacionalidade ⁱ	Xénero [M/F]	Ciclo de estudos ⁱⁱ	Sector educativo ⁱⁱⁱ
Institución de envío	Nome	Facultade/ Departamento	Código Erasmus ^{iv} (se procede)	Enderezo	País	Nome da persoa de contacto ^v ; correo electrónico; teléfono	
	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	ORI	E LA-CORU01	O Lagar – Campus de Elviña – 15071 A Coruña	SPAIN	International Relations Office (IRO) Correo: outgoing.rrii@udc.gal riferrol@udc.gal	
Empresa/Institución de acollida	Nome	Departamento	Enderezo páxina web	País	Tamaño	Nome da persoa de contacto ^{vi} ; cargo; correo electrónico; teléfono	Nome do/a mentor/a ^{vii} ; cargo; correo electrónico; teléfono
					<input type="checkbox"/> < 250 empregados <input type="checkbox"/> > 250 empregados		

Antes da mobilidade

<i>Táboa A – Programa de prácticas na empresa/institución de acollida</i>	
Datos previstas do período de mobilidade: de [mes/ano] a [mes/ano]	
Denominación das prácticas:	Número de horas laborables por semana:
Programa detallado do período de prácticas:	
Prácticas en habilidades e competencias dixitais ^{viii} : Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
Coñecementos, capacidades e competencias para adquirir ao rematar as prácticas (resultados de aprendizaxe previstos):	
Plan de seguimento:	
Plan de avaliación:	
O nivel de competencia lingüística ^{ix} en _____ [indíquese a lingua principal de traballo] que o estudante posúe ou en que se compromete a obter no intre de iniciar o seu período de mobilidade é: A1 <input type="checkbox"/> A2 <input type="checkbox"/> B1 <input type="checkbox"/> B2 <input type="checkbox"/> C1 <input type="checkbox"/> C2 <input type="checkbox"/> Falante nativo <input type="checkbox"/>	

Táboa B – Institución de envío

 Escolla **unha** das tres opcións seguintes: *

 1. As prácticas forman **unha parte integrante do plan de estudos (curriculares)**. Unha vez concluídas satisfactoriamente, a institución:

Concederá.....créditos ECTS (ou equivalentes) ^{xi}	Outorgará unha cualificación baseada en: Certificado de prácticas <input type="checkbox"/> Informe final <input type="checkbox"/> Entrevista <input type="checkbox"/>
Fará constar a realización das prácticas no certificado académico do/a estudante e no Suplemento Europeo ao Título (ou equivalente) do/a estudante.	
Fará constar a realización das prácticas no Documento de Mobilidade Europass: Non X	
Fará constar a realización das prácticas nun certificado de mobilidade: Si X	

 2. As prácticas son **voluntarias** (extracurriculares). Unha vez concluídas satisfactoriamente, a institución:

Concederá créditos ECTS (ou equivalentes): Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	En caso afirmativo, indique o número de créditos:
Outorgará unha cualificación: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	En caso afirmativo, indique en que se baseará: Certificado de prácticas <input type="checkbox"/> Informe final <input type="checkbox"/> Entrevista <input type="checkbox"/>
Fará constar a realización das prácticas no certificado académico do/a estudante: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
Fará constar a realización das prácticas no Suplemento Europeo ao Título (ou equivalente) do/a estudante	
Fará constar a realización das prácticas no Documento de Mobilidade Europass: Non X	

 3. As prácticas realizaas un **graduado/a recente**. Unha vez concluídas satisfactoriamente, a institución:

Concederá créditos ECTS (ou equivalentes): Non X	En caso afirmativo, indique o número de créditos:
Fará constar a realización das prácticas no Documento de Mobilidade Europass: Non X	
Fará constar a realización das prácticas nun certificado de mobilidade: Si X	

Cobertura de seguros do/a estudante

A institución de envío porá ao dispor do/a estudante unha cobertura de seguro de accidentes (se non dispuxese da devandita cobertura por parte da organización/empresa de acollida): Non X	En caso afirmativo, o seguro de accidente cobre: - accidentes durante viaxes relacionadas coas prácticas: Si <input type="checkbox"/> Non X - accidentes durante o desprazamento entre o domicilio e o lugar de traballo: Si <input type="checkbox"/> Non X
A institución de envío porá ao dispor do/a estudante unha cobertura de seguro de responsabilidade civil (se non dispuxese da devandita cobertura por parte da organización/empresa de acollida): Non X	

Táboa C – Empresa/institución de acollida

A organización/empresa de acollida ofrecerá ao/á estudante unha axuda financeira polas súas prácticas: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	En caso afirmativo, importe (EUR/mes):
A organización/empresa de acollida ofrecerá ao/á estudante unha contribución en especie polas súas prácticas: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> En caso afirmativo, especifique:	
A organización/empresa de acollida porá ao dispor do/a estudante unha cobertura de seguro de accidentes (se non dispuxese da devandita cobertura por parte da institución de envío): Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	En caso afirmativo, o seguro de accidente cobre: - accidentes durante viaxes relacionadas coas prácticas: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> - accidentes durante o desprazamento entre o domicilio e o lugar de traballo: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
A organización/empresa de acollida porá ao dispor do/a estudante unha cobertura de seguro de responsabilidade civil (se non dispuxese da devandita cobertura por parte da institución de envío): Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	
A organización/empresa de acollida porá ao dispor do/a estudante o equipamento e o apoio necesarios.	
Unha vez concluídas as prácticas, a organización/empresa de acollida comprométese a emitir un certificado de prácticas nas 5 semanas posteriores á súa data de finalización.	

Mediante a sinatura do presente documento, o/a estudante en prácticas, a institución de envío e a empresa/institución de acollida confirman que aproban o Acordo de aprendizaxe e que cumprirán co acordado polas partes. O/a estudante e a organización/empresa de acollida comunicarán á institución de envío calquera problema ou modificación concernente ao período de prácticas. A institución de envío e o/a estudante comprometeranse tamén a cumprir o que se acordara no convenio de subvención Erasmus+. A institución respectará os principios da Carta Erasmus de Educación Superior en todo o relacionado coas prácticas (ou os principios que se acordasen nos acordos interinstitucionais con institucións situadas en países asociados).

Compromiso	Nome	Correo electrónico	Cargo	Data	Sinatura
O/a estudante			<i>O/a estudante en prácticas</i>		
Responsable ^{xii} na institución de envío			<i>O/a responsable de relacións internacionais do centro UDC / académico coordinator</i>		SELO
Supervisor/a ^{xiii} da organización de acollida					SELO

Durante a mobilidade

<p>Táboa A2 – Modificacións excepcionais ao programa de prácticas na organización/empresa de acollida (aprobación do/a estudante e das persoas responsables nas institucións de envío e de acollida realizada por correo electrónico ou mediante sinatura)</p> <p>Datas previstas do período de mobilidade: de [mes/ano] a [mes/ano]</p>					
Denominación das prácticas:			Número de horas laborables por semana:		
Programa detallado do período de prácticas:					
Coñecementos, capacidades e competencias para adquirir ao rematar as prácticas (resultados de aprendizaxe previstos):					
Plan de seguimento:					
Plan de avaliación:					
Compromiso	Nome	Correo electrónico	Cargo	Data	Firma
O/a estudante			<i>O/a estudante en prácticas</i>		
Responsable ^{xiv} na institución de envío			<i>O/a responsable de relacións internacionais do centro UDC / academic coordinator</i>		SELO
Supervisor/a ^{xv} da organización de acollida					SELO

Despois da mobilidade

<i>Táboa D – Certificado de prácticas emitido pola organización/empresa de acollida</i>	
Nome do/a estudante en prácticas:	
Nome da organización/empresa de acollida:	
Sector da organización/empresa de acollida:	
Enderezo da organización/empresa de acollida [rúa, localidade, país, teléfono, correo electrónico], páxina web:	
Datas de inicio e remate das prácticas: de [día/mes/ano] a [día/mes/ano]	
Denominación das prácticas:	
Programa detallado do período de prácticas, incluídas as tarefas desempeñadas polo/a estudante:	
Coñecementos, capacidades (intelectuais e prácticas) e competencias adquiridas (resultados de aprendizaxe obtidos):	
Avaliación do/a estudante:	
Data:	
Nome e sinatura da persoa supervisora na organización/empresa de acollida:	
SELO:	

ⁱ **Nacionalidade:** país ao que pertence a persoa desde un punto de vista administrativo e que emite a súa tarxeta identificativa e/ou o seu pasaporte.

ⁱⁱ **Ciclo de estudos:** ciclo curto (Ciclos formativos de grado superior, nivel 5 del MEC) / grado o titulación equivalente de primer ciclo (nivel 6 del MEC) / máster o titulación equivalente de segundo ciclo (nivel 7 del MEC) / doctorado o titulación equivalente de tercer ciclo (nivel 8 del MEC).

ⁱⁱⁱ **Sector educativo:** ferramenta de busca ISCED-F 2013, dispoñible en http://ec.europa.eu/education/tools/isced-f_en.htm, permite localizar o código CINE 2013 no campo da educación e a formación que sexa máis próximo á titulación que a institución de envío outorgará ao estudante.

^{iv} **Código Erasmus:** identificador único que recibe cada institución de educación superior situada nun dos países do Programa que obtivo a Carta Erasmus de Educación Superior (ECHE).

^v **Persoa de contacto na institución de envío:** persoa que facilita a ligazón para a información administrativa. Dependendo da estrutura da institución, podería ser un/a coordinador/a dentro dun departamento ou persoal da oficina de relacións internacionais ou equivalente.

^{vi} **Persoa de contacto na organización de acollida:** persoa que pode facilitar información administrativa no marco da prácticas Erasmus+.

- vii **Mentor/a:** persoa que apoia e informa ao/á estudante en prácticas de aspectos relacionados coa actividade e a experiencia da empresa (a súa cultura, os seus códigos de conduta etc.). Normalmente, o/a mentor/a debería ser unha persoa diferente ao/á supervisor/a.
- viii **Prácticas en habilidades e competencias dixitais:** calquera práctica en que os/as estudantes reciben formación teórica e práctica en ao menos unha das seguintes actividades: márketing dixital (por exemplo, xestión de redes sociais, análise web), deseño dixital gráfico, mecánico ou arquitectónico; desenvolvemento de aplicacións, software, scripts ou páxinas web; instalación, mantemento e xestión de sistemas e redes TIC; ciberseguridade; análise, extracción e visualización de datos; robótica e aplicacións de intelixencia artificial. Non se considerarán dentro desta categoría a atención xenérica ao cliente, o procesamento de pedidos, a entrada de datos ou tarefas de oficina.
- ix **Nivel de competencia lingüística:** A información sobre o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) está dispoñible en: <http://europass.cedefop.europa.eu/en/resources/european-language-levels-cefr>.
- * **Existen tres tipos de prácticas:**
1. Prácticas que forman unha parte integrante do plan de estudos (curriculares, obrigatorias na titulación)
 2. Prácticas voluntarias (extracurriculares, non obrigatorias na titulación)
 3. Prácticas realizadas por persoas recentemente tituladas
- xi **Créditos ECTS ou equivalentes:** naqueles países onde non está implantado o sistema ECTS, e nomeadamente para institucións situadas en países asociados que non participan no proceso de Boloña, a denominación “ECTS” substituirase en todas as táboas polo sistema equivalente que corresponda. Inclúirase unha ligazón á páxina web onde se explique o funcionamento do dito sistema.
- xii **Responsable na institución de envío:** encargarase de asinar o Acordo de aprendizaxe, de modificalo se fose necesario e de recoñecer os créditos e os resultados de aprendizaxe correspondentes en nome do órgano académico pertinente, de acordo co establecido no Acordo de aprendizaxe. O nome e o correo desta persoa só deberá indicarse en caso de que sexa diferente da persoa de contacto mencionada na primeira páxina do documento.
- xiii **Supervisor/a da organización de acollida:** encargarase de asinar o Acordo de aprendizaxe, de modificalo se fose necesario, de supervisar o/a estudante durante as súas prácticas e de asinar o Certificado de prácticas. O nome e o correo desta persoa só deberá indicarse en caso de que sexa diferente da persoa de contacto mencionada na primeira páxina do documento.
- xiv **Responsable na institución de envío:** encargarase de asinar o Acordo de aprendizaxe, de modificalo se fose necesario e de recoñecer os créditos e os resultados de aprendizaxe correspondentes en nome do órgano académico pertinente, de acordo co establecido no Acordo de aprendizaxe. O nome e o correo desta persoa só deberá indicarse en caso de que sexa diferente da persoa de contacto mencionada na primeira páxina do documento.
- xv **Supervisor/a da organización de acollida:** encargarase de asinar o Acordo de aprendizaxe, de modificalo se fose necesario, de supervisar o/a estudante durante as súas prácticas e de asinar o Certificado de prácticas. O nome e o correo desta persoa só deberá indicarse en caso de que sexa diferente da persoa de contacto mencionada na primeira páxina do documento.
-